

MPN/plc

**ASUNTO: INFORME PROPOSTA SOBRE A NECESIDADE DE TRAMITAR UN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO RESPECTO DO ORZAMENTO DO ANO 2024 DO SERVIZO DE COOPERACIÓN.**

Para facer fronte as necesidades de financiamento de actuacións do Servizo de Cooperación, propónse realizar as seguintes modificacións de crédito:

**1.- CONCELLO PONTEVEDRA. SUPLEMENTO DE CRÉDITO NA APLICACIÓN CORRESPONDENTE A CONVENIOS, 24/942.9420.762.14 A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) ANUALIDADE 2024 PARA LEVAR A CABO UN NOVO CONVENIO DE CONTINUIDADE DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO**

En data 26/08/2020 o Concello de Pontevedra presentou no Rexistro da Deputación Provincial a correspondente solicitude e demais documentación necesaria para a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO O PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PARCELA SOBRE A VÍA FÉRREA NA RÚA DOCE DE NOVEMBRO, cun orzamento de execución de 499.998,86€, IVE engadido, a financiar integramente pola Deputación no exercicio 2021 (aplicación orzamentaria 2021/942.9420.762.14).

A Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do 10/12/2021, mediante o acordo núm. 5.31060, aprobou dito convenio, procedéndose á súa sinatura entre ambas administracións o 23/12/2021.

Na data 29/08/2023, o concello de Pontevedra solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar a vixencia do convenio e, en data 15/12/2023, a Xunta de Goberno en sesión ordinaria adopta o acordo de aprobación de addenda para prorrogar a vixencia do mesmo, asinándose o 26/12/2023 a mesma.

Na data 10/06/2024, o concello de Pontevedra solicita mediante núm. rexistro 2024009788 a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento co obxecto de valorar a situación de execución actual do mesmo.

En data 12/07/2024 por acordo de X.G. núm. 16.34031 acordase a aprobación de dita resolución do convenio.

Polo tanto, ao quedar crédito dispoñible da anualidade 2021 orixinario do convenio de colaboración entre o concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo o proxecto de acondicionamento da parcela sobre a vía férrea na rúa Doce de Novembro (Expte. 2021047581), ao non executarse o investimento e resolverse o convenio por acordo das partes, debe tramitarse un suplemento de crédito na aplicación 2024/942.9420.762.14 A CONCELLOS-INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) por importe de **499.998,86€** procedente da 2024/942.9420.762.14.2021.



**2.- CONCELLO VIGO. BAIXA DE CRÉDITO NA APLICACIÓN CORRESPONDENTE A CONVENIOS, 942.9420.762.14 A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA) NAS ANUALIDADES 2021 E 2022 PARA LEVAR A CABO TRES NOVOS CONVENIOS**

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do 24/09/2021, mediante o acordo núm. 7.7673, aprobou o CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, procedéndose á súa sinatura entre ambas administracións o 25/10/2021.

Na data 11/06/2024 reúnese a Comisión de Seguimento co obxecto de valorar a situación do convenio e buscar unha solución para adaptar a execución dos investimentos ao prazo de vixencia do mesmo, isto é 31/12/2024.

En data 09/07/2024 vista a situación deste Convenio, e tras a reunión celebrada en data 11/06/2024 e 12/04/2024, acórdase, coa finalidade de non perder financiamento, a **minoración** do actual convenio e conforme a addenda de data 28.06.2023, nas tres actuacións que se atopan sen executar e que se relacionan de seguido:

CONFORME ADDENDA (28/06/2023)	ACHEGA DEPUTACIÓN-OBRAS SEN EXECUTAR
<b>PROXECTO: VIGO VERTICAL – JR JIMENEZ FASE ROMIL E HISPANIDADE</b>	1.543.697,48€
<b>VIGO VERTICAL - J BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUES DE VALTERRA TORRECEDEIRA</b>	820.000,00€
<b>HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR</b>	1.000.000,00€
<b>TOTAL</b>	3.363.697,48€
<b>BAIXAS ACTUACIÓNS CONVENIO</b>	883.836,08€
<b>TOTAL</b>	<b>4.247.533,56€</b>

A minoración do convenio na cantidade de **4.247.533,56€** (importe investimentos máis baixas doutras actuacións) ten como finalidade a financiación de 3 novos convenios para financiar as actuacións que se indican a continuación:

PROPOSTAS DE NOVOS CONVENIOS			
	TOTAL	CONCELLO	DEPUTACIÓN
<b>VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPAS MECÁNICASA NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA</b>	2.826.209,35 €	907.495,82 €	1.918.713,53 €
<b>VIGO VERTICAL - J BENAVENTE -TORRECEDEIRA. FASE MARQUES DE VALTERRA TORRECEDEIRA</b>	1.148.557,71 €	389.232,42 €	759.325,29 €
<b>HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR</b>	2.271.099,82 €	701.605,08 €	1.569.494,74 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.245.866,88 €</b>	<b>1.998.333,32 €</b>	<b>4.247.533,56 €</b>



**CONCLUSIÓN:**

Por todo o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 177 e concordantes da Lei reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004, de 5 de marzo) e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2024, determínase a necesidade de:

- 1.- Liberar a cantidade de **499.998,86€** (aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14.**2021**) para facer un suplemento de crédito na partida 2024/942.9420.762.14 A CONCELLOS - INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO - PONTEVEDRA).
- 2.- Liberar a cantidade de **4.247.533,56€**, respecto da cal 345.389,53€ proveñen da aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14.**2021** e 3.902.144,03€ da aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14.**2022** para facer un suplemento de crédito na partida 2024/942.9420.762.14 A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO - PONTEVEDRA).

Aplicación	Denominación	Importe Suplemento de crédito
<p><b>CONCELLO PONTEVEDRA</b></p> <p>Minórase a aplicación 24/942.9420.762.14.2021</p> <p>Para incrementar a aplicación 24/942.9420.762.14</p>	A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA)	<b>499.998,86€</b>
<p><b>CONCELLO VIGO</b></p> <p>Minóranse as aplicacións 24/942.9420.762.14.2021 (345.389,53€)</p> <p>24/942.9420.762.14.2022 (3.902.144,03€ €)</p> <p>Para incrementar a aplicación 24/942.9420.762.14</p>	A CONCELLOS -INVESTIMENTOS EN CONVENIO (VIGO- PONTEVEDRA)	<b>4.247.533,56€</b>

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Cooperación, Marina Piñeiro Novo

A deputada delegada da Área de Cooperación Local, María Pilar Ramallo Vázquez

**INTERVENCIÓN**



EXPEDIENTE	2024048615
ASUNTO	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 03/2024
TRÁMITE	PROPOSTA DO SERVIZO DE TURISMO

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra ten a necesidade de realizar varias actuacións durante o exercicio 2024 para o correcto desenvolvemento dos fins previstos.

O Servizo de Turismo da Deputación de Pontevedra necesita ampliar o crédito dispoñible nas aplicacións orzamentarias adecuadas para afrontar gastos diversos de natureza corrente. As aplicacións ás que debe imputarse o gasto non dispoñen de crédito suficiente para afrontar o gasto previsto e os compromisos non poden aprazarse.

Os gastos derivados das ditas actuacións son os seguintes:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
24/433.4320.226.02	7.000,00 €	Patrocinio Feira da Peregrina

#### PROPOSTA:

O importe total da modificación proposta ascende 7.000,00 € desagregada da seguinte forma:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
24/433.4320.226.02	7.000,00 €	Patrocinio Feira da Peregrina

Na aplicación orzamentaria á que debe imputarse o gasto non hai crédito suficiente dispoñible e a actuación non se poden demorar ata o próximo exercicio.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do R.D Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, propónse a modificación de crédito sinalada, previo informe de Intervención e aprobación do Pleno da Corporación.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



**ASUNTO: PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA FINANCIAR PARTE DO IMPORTE DE ADQUISICIÓN DUN INMOBLE NO CONCELLO DE VIGO COÑECIDO COMO “TEATRO CINE FRAGA” EN COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA.**

A Deputación Provincial de Pontevedra está interesada en participar na adquisición a título oneroso do inmovible que se describe como segue:

Edificio “Teatro Cine Fraga” sito na rúa Uruguai 1 do concello de Vigo con fronte á rúa Uruguai facendo esquina coa Travesía de Isabel II, que ocupa a superficie de 1.381,10 m<sup>2</sup>. Trátase dun edificio de estrutura de formigón e fachada de granito que linda: fronte ou sur, coa rúa Uruguai; pola esquerda entrando, ou oeste, coa Travesía de Isabel II, pola dereita ou leste, coa finca do señor Fraga; polo fondo ou norte, con esta finca e con outra de Agustín Novoa e Amalia Curbera Fernández. O edificio pode considerarse formado por catro corpos verticais sucesivos que a súa vez se subdividen polo plano horizontal definido pola rasante da rúa Uruguai.

O inmovible “Teatro Cine Fraga” é na actualidade propiedade de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., e dada a singularidade do edificio tan vinculado a cidade de Vigo é o motivo polo que a Comunidade Autónoma de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra están interesadas en participar na adquisición directa a título oneroso deste inmovible para destinalo ao cumprimento de fins públicos culturais e aqueles outros que procedan atendendo á propia natureza do inmovible.

Seguindo instrucións da Presidencia e tendo en conta que no orzamento provincial do exercicio de 2024 non existe crédito para facer fronte os gastos derivados da participación da Diputación de Pontevedra na adquisición do “Teatro Cine Fraga”, que se estiman en catro millóns seiscientos mil euros (4.600.000,00 €), é o motivo polo que se propón que no próximo expediente de



modificación de crédito que se tramite se inclúa un crédito extraordinario por importe de catro millóns seiscientos mil euros (4.600.000,00 €), na aplicación 24/922.9330.622.00 (Edificios e outras construcións. Adquisición parte inmovible Cine Fraga Vigo), de conformidade co establecido no artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e nos artigos 34 a 38 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, así como nas bases de execución do vixente orzamento provincial.

O Xefe do Servizo de Contratación,  
Facenda e Patrimonio.

Pablo Montero Carrera

O deputado delegado de Acción Comunitaria e  
Equipamentos Públicos e Estación Fitopatolóxica  
do Areeiro.

Javier Tourís Romero

*(Documento asinado electrónicamente á marxe)*



## PROPOSTA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO:

Aprobado definitivamente o orzamento provincial é preciso modificar a seguinte aplicación:

1. Suplementar a aplicación 24/330.3340.479.01 e consignar as seguintes subvencións nominativas por un importe total de 21.000,00 € conforme ao seguinte detalle:

NIF	Entidade	Obxecto e finalidade	Importe
44085605-X	Víctor José Méndez Sanguos	Producción miniserie documental "Narcogallegos II"	10.500,00 €
B-15547235	Nordesía Producións, S.L.	Galicia Clarinet Fest	10.500,00 €

### DOCUMENTAL NARCOGALLEGOS II

Este documental inspírase no libro "Narcogallegos. Tras los pasos de Sito Miñanco".

Narcogallegos II é unha serie documental informativa que documenta con absoluto rigor un tema de sumo interese como é o narcotráfico.

Tralo éxito acadado polo primeiro documental, trátase de afondar máis no análise actual da droga e como evolucionou o transporte nos últimos anos.

Unha historia contada por: policías, xuíces, avogados, transportistas, patróns de pesqueiros, pilotos de planadoras e narcotraficantes, cuxa visión resulta esencial para dar un relato completamente rigoroso desde os ollos dos seus protagonistas.

A finais dos 80 as costas galegas convertéronse na principal porta de entrada de cocaína en Europa e a día de hoxe, Galicia, xunto con Holanda e Alxeciras, segue sendo un dos puntos neurálxicos da recepción e distribución de droga por Europa

Documentais deste tipo, ademais de ser un produto cultural mediático, serven para concienciar ao público máis xove sobre os perigos no consumo de drogas, da violencia e dun entorno nada recomendable para o seu desenvolvemento persoal. Axudan a obter información e unha visión máis próxima sobre o perigo deste problema social e contribúen a formar culturalmente aos distintos públicos, en especial aos máis xoves. Contribúen á información e sensibilización social, axudando a previr e evitar o seu consumo e tamén se visibilizan as nosas costas e a nosa provincia, de aí o interese desta institución en colaborar coa produción deste documental.



## GALICIA CLARINET FEST

Historicamente, a comarca do Deza destaca por ser núcleo de numerosas bandas de música, conservatorios, escolas e agrupacións musicais nas que o clarinete xoga un papel destacado.

Do 12 ao 19 de xullo, Lalín convértese no epicentro mundial dos virtuosos do clarinete coa celebración do Galicia Clarinet Fest, no que se desfrutará dos concertos e da mestría de clarinetistas do panorama nacional e internacional, así contarase con mestres como Jose F. Ballester (actúa frecuentemente coa *Chamber Music Society of Lincoln Center* de Nova York e exerce como clarinetista principal da *Camerata Pacifica* en Santa Bárbara, Estados Unidos. Imparte clase na Universidad da Columbia Británica en Vancouver), Arno Pitters (clarinetista de la Royal Concertgebouw Orchestra y docente en el Conservatorio de Ámsterdam), Tibor Reman, Selin Gürol (clarinetista turca que conta con máis de 125.000 seguidores en Instagram), Juan Ferrer, Michelle Anderson, Deborah Andrus, José Luis Estellés, Vitor Matos, ..., ofrecendo un espazo académico, formativo e de ocio de primeiro nivel.

Neste contexto, o Galicia Clarinet Fest ten un dobre plantexamento estratéxico que o fai singular: visibilizar un territorio conectado a través da música e consolidalo como plataforma transmisora de coñecemento. Trátase dun evento multicultural que, neste 2024, chega a súa 5ª edición e que reúne a 14 clarinetistas y 4 pianistas de renome internacional que recorren os escenarios máis importantes do mundo.

No marco deste festival celébrase o I Congreso Galicia Clarinet Fest, do 12 ao 14 de xullo, cun programa repleto de actividades no que músicos, profesorado e amantes do clarinete combinan a súa paixón pola música coa busca do coñecemento.

Este festival xa constitúe tamén un reclamo turístico co que ademais se contribúe ao desenvolvemento económico da nosa provincia e enriquece as múltiples actividades culturais que se levan a cabo na mesma.

*Asinado dixitalmente na data que figura á marxe*

